



asociación de  
**escritores**  
en lingua galega  
[www.aelg.org](http://www.aelg.org)

## o escritor na súa terra

**A** Homenaxe *O Escritor na súa Terra*, impulsada pola *Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG)*, chega este ano á súa **XIV Edición** recaendo, por decisión unánime da súa Asemblea de Socios e Socias, na figura de **Xosé Vázquez Pintor**, que será homenaxeado na terra onde naceu, **Melide**.

Esta iniciativa anual conforma xa unha tradición na traxectoria da Asociación, e tense constituído ao longo dunha década como unha celebración na que a terra de orixe do homenaxeado/a cobra un protagonismo fundamental nesta cita cultural. É vontade da AELG honrar escritores/as procurando o contacto directo co autor/a e a súa implicación persoal na xornada de homenaxe.

Unha celebración múltiple e popular na que se vén recoñecendo a entidade literaria de insignes figuras das nosas letras, a través dunha serie de eventos como a entrega do galardón *Letra E de escritor/a* (unha peza escultórica asinada por un/ha recoñecido/a artista galego/a), a **plantación dunha árbore simbólica** (elixida polo propio autor, e que neste caso é un buxo), a colocación **dun monólito conmemorativo** ou a **inauguración dun espazo público co nome do/a homenaxeado/a** ou cun nome elixido polo/a homenaxeado/a.

## anteriores merecedores deste galardón

I EDICIÓN · 1995 · Boa, Taramancos  
**ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS**

II EDICIÓN · 1996 · Cangas do Morrazo  
**BERNARDINO GRAÑA**

III EDICIÓN · 1997 · Outeiro de Rei  
**MANUEL MARÍA**

IV EDICIÓN · 1998 · Vigo  
**MARÍA XOSÉ QUEIZÁN**

V EDICIÓN · 1999 · Gres, Vila de Cruces  
**XOSÉ NEIRA VILAS**

VI EDICIÓN · 2000 · Parada do Courel  
**UXÍO NOVONEYRA (póstumo)**

VII EDICIÓN · 2001 · Ribadeo  
**LUZ POZO GARZA**

VIII EDICIÓN · 2002 · Vilalba  
**XOSÉ CHAO REGO**

IX EDICIÓN · 2003 · Nogueira de Ramuín  
**XOSÉ FERNÁNDEZ FERREIRO**

X EDICIÓN · 2004 · Teis, Vigo  
**SALVADOR GARCÍA-BODAÑO ZUNZUNEGUI**

XI EDICIÓN · 2005 · Ourense  
**PURA E DORA VÁZQUEZ**

XII EDICIÓN · 2006 · Vigo  
**MARÍA DO CARME KRUCKENBERG**

XIII EDICIÓN · 2007 · O Valadouro  
**MANUEL LOURENZO**

## programa de actos

**M E L I D E**

**11.30 h**

**XARDÍNS DA CAPELA DE SAN ROQUE**

- Plantación dun buxo (árbore simbólica do escritor) e descubrimento da *Pedra Escultórica* dedicada ao homenaxeado.
- Intervenien: Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da AELG, e o escritor Xosé Vázquez Pintor

**12.30 h**

**BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL**

(Edificio Multiusos. Praza das Universidades, s/n)

- A Biblioteca Municipal recibirá o nome de Xosé Vázquez Pintor.
- Intervenirán: Mercedes Queixas Zas, Secretaria Xeral da AELG, Socorro Cea, Alcaldesa do Concello de Melide, e o homenaxeado, Xosé Vázquez Pintor.

**13.30 h**

**SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE MELIDE** (Praza do Convento, 5)

- Acto de entrega da "Letra E"
- Intervenirán: Mercedes Queixas Zas, Secretaria Xeral da AELG, e Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da AELG.
- Lectura da *laudatio*, pronunciada polo escritor Ramón Caride Ogando.
- Entrega da peza escultórica do artista Silverio Rivas a Xosé Vázquez Pintor.
- Intervención do homenaxeado.

**14.30 h**

**XANTAR DE CONFRATERNIDADE**

- Aberto aos/ás socios/as da AELG, á vecindade de Melide e demais persoas interesadas, no Restaurante Sony (Estrada de Santiago, s/n)

# Xosé Vázquez Pintor

**X**osé Vázquez Pintor é home polifacético: autor e director de teatro, columnista, animador cultural, poeta, narrador, ensaísta e mesmo comentarista deportivo, mestre e animador cultural e vital.

A súa obra é inmensa e extensa, á vez que intensa e concentrada, co cerne da súa terra natal e nutricia, de topónimos rexos e sonoros: Brántega, Quián, Agolada, O Arnego, Melide...

O amor ás palabras e ás paisaxes e os homes e mulleres do común inzan os seus poemarios dende os iniciáticos *Gándaras* (1971) ou *Terra e Pan* (1975), ata as obras de madurez que son *Rotación violeta* (1996) e *Banzados* (2000), libros esenciais na poesía galega.

É Pintor tamén home de prodixiosos recursos narrativos, en obras como a coñecida *A memoria do boi* (2000) ou a recente *Para dicir Abril* (2008). Tamén son excepcionais pezas narrativas os ensaios antropolóxicos, recreacións míticas e testemuños da súa triloxía *Os vellos oficios*, consagrada aos mestres e saberes tradicionais de Galiza.

# HOMENAXE A XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR

Terra de Melide  
**7 xuño 2008**